



SOBRE O
PLAN DE REVITALIZACIÓN
DEMOGRÁFICA DE GALICIA
(bases)



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este informe-opinión pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- INTRODUCCIÓN

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten entre as súas funcións elaborar, a solicitude da Xunta, informes sobre plans e programas dirixidos a favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

A conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude compareceu no Pleno do Consello Económico e Social, na súa sesión 3/01, celebrada en data 22 de marzo, para presenta-lo *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)* e solicitou deste organismo un informe-opinión sobre o mesmo.

Os traballos de redacción do informe-opinión foron encargados á Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón de materia. A Comisión aprobou o borrador do informe-opinión sobre o *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)* na súa sesión 21/01, de data 29 de outubro.

A Comisión Permanente tramitou a proposta de informe-opinión na súa sesión 11/01, celebrada o 7 de novembro.

O texto definitivo do presente informe-opinión sobre o *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)* foi aprobado por unanimidade polo Pleno do CES na súa sesión 10/01, de 23 de novembro.

2.- OBXECTO

O obxecto deste informe-opinión é darlle a coñecer ó Goberno galego as consideracións das entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello Económico e Social de Galicia sobre o *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)*.

3.- ESTRUCTURA E CONTIDO

Para a elaboración deste informe-opinión, os contidos do *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)* foron reagrupados por ámbitos de actuación (diagnóstico) e por programas para facilita-lo seu estudio e a presentación de consideracións. O resumo inicial do Plan que fai o Consello Económico e Social de Galicia estrutúrase segundo o seguinte índice:

I.- Introducción

II.- Diagnóstico

- As oito ideas chaves do Plan.
- As cinco áreas do Plan: Emprego, Muller, Mocidade, Maiores e Inmigración.

III.- Programas de actuación

- Programa 1.- Adaptación das políticas activas de emprego ó cambio demográfico.
- Programa 2.- Incentivación da maternidade/paternidade.
- Programa 3.- Mellora da accesibilidade da mocidade á vivenda.
- Programa 4.- Medidas dos servicios dirixidos ós maiores.
- Programa 5.- Integración social dos inmigrantes.

IV.- Anexo: Composición dos programas de medidas

I.- Introducción

O peso da poboación de Galicia dentro do conxunto de España ven descendendo dende fai xa bastante tempo, ó mesmo tempo que os dous ámbitos xeográficos tenden cara ó avellentamento demográfico, aínda que de forma máis acusada en Galicia.

A razón fundamental que explica ámbolos dous fenómenos é a redución, en Galicia e no resto de España, da taxa de natalidade ata niveis inferiores ós que garanten a substitución da poboación, aínda que este declive parece que se retardou na actualidade, da man dunha certa estabilización nas tendencias.

O *Plan de revitalización demográfica de Galicia* pretende dar solución ó pro-

blema poboacional da comunidade autónoma, a través da elaboración dunha proposta baseada nos principios de consenso social, vocación operativa e pragmatismo.

Os **eixes** de actuación ou áreas prioritarias para a intervención do futuro *Plan de revitalización demográfica de Galicia* son os seguintes:

- 1) Favorece-la incorporación da muller ó traballo, a conciliación da vida laboral e familiar e a estabilidade no emprego das mulleres e dos mozos.
- 2) Amplia-los servizos sociais.
- 3) Facilitar, a través do Plan de Acción Xove, o acceso da mocidade á vivenda en réxime de propiedade ou alugamento.
- 4) Impulsa-la mobilidade laboral e un saldo migratorio positivo para Galicia.
- 5) Impulsar incentivos nos distintos campos.
- 6) Promove-la fixación da poboación no medio rural.

A efectos prácticos, as actuacións artículanse arredor de cinco grandes **programas**, que son os seguintes:

- 1) Adaptación das políticas activas de emprego ós efectos do cambio demográfico en Galicia.
- 2) Apoio á maternidade / paternidade.
- 3) Mellora da accesibilidade da mocidade á vivenda.
- 4) Cualificación dos servizos prestados ós maiores.
- 5) Integración social dos emigrantes.

Estes cinco programas teñen unha dobre natureza: o programa 1: “Adaptación das políticas activas de emprego ós efectos do cambio demográfico en Galicia” e o programa 3: “Mellora da accesibilidade da mocidade á vivenda” teñen un carácter instrumental, potenciando os efectos do resto de programas.

Pola súa banda, os programas 2: “Apoio á maternidade / paternidade”, 4: “Cualificación dos servizos prestados ós maiores” e 5: “Integración social dos emigrantes” teñen un carácter finalista e inciden directamente nos grandes fins políticos do Plan:

- a) Eleva-las taxas de natalidade de Galicia.
- b) Aumenta-las dotacións de servizos ós maiores.
- c) Integrar socialmente ós emigrantes.

II.- Diagnóstico

As oito **ideas clave** que se derivan do diagnóstico de situación actual e que inflúen de forma notable na formulación das orientacións estratéxicas dos distintos programas e medidas son as seguintes:

1ª.- O moderado nesgo rexional existente no cambio ou na transición demográfica, polo menos en termos cualitativos.

A situación de Galicia respecto a unha boa parte de España e de Europa non parece considerarse substancialmente diferente, salvo en cuestións de grao no relativo ó maior, e máis temperán, avellentamento de Galicia e ó menor crecemento dos estratos de poboación máis novos.

Neste senso, os datos da intención de ter fillos nas distintas comunidades sitúa a Galicia como a quinta comunidade con maior porcentaxe, cun 51,9 %, lixeiramente por encima da media española (49,9 %).


Por mor do maior avellentamento da poboación e o menor crecemento dos estratos de poboación máis novos, Galicia atópase nunha situación relativamente máis grave ca media, pero non cualitativamente diferente.

2ª.- A influencia do espazo á hora de diagnosticar los problemas, de concibir solucións e, sobre todo, de po-las en marcha.

Galicia caracterízase pola existencia dun proceso de concentración demográfica en torno ó Arco Atlántico. Este proceso de acumulación explica que os problemas demográficos de Galicia non sexan homoxéneos.

De feito, a desfavorable situación media do conxunto de Galicia é o resultado de combinar unha situación demográfica relativamente expansiva no Arco Atlántico e a situación regresiva do resto das zonas, en especial do interior depredado. Neste senso, dos 30 concellos de Galicia que tiveron en 1998 un crecemento vexetativo positivo, 27 encóntranse no Arco Atlántico.

Os diferentes indicadores demográficos, e en especial a taxa de crecemento vexetativo, corroboran a afirmación anterior, observándose como as provincias de Ourense e Lugo teñen taxas de crecemento vexetativo do -7,95 e do -8,00 respectivamente, mentres que Pontevedra e A Coruña sitúanse no -0,6 e no -3,92.

Cadro 1**Pirámides de poboación 1998**

Elaboración propia (do Plan) a partir de IGE e INE, Padrón de habitantes, 1998

Esta situación tamén se reflicte na comparación das pirámides de poboación do eixe atlántico e do interior deprimidos recollidas no cadro 1.

3ª.- O diferente plano temporal de manifestación dos problemas que integran o cambio demográfico.

A actual debilidade demográfica de Galicia encontra as súas causas máis directas na forte emigración dos anos cincuenta e sesenta e, posteriormente, nas reducidas taxas de natalidade que comezan a manifestarse a partir da segunda metade dos anos setenta e que aínda perduran.

A natureza de longo prazo dos fenómenos demográficos explica a importancia que adquire o tempo á hora de valora-los efectos potenciais das posibles medidas para implementar en cada momento un dos tres pilares básicos do cambio demográfico (natalidade, avellentamento ou inmigración).

4ª.- As estratexias de posta en marcha das futuras medidas.

Por un lado, as intervencións deben dispoñer de certa estabilidade temporal e, por outro, deben coidar ó máximo o éxito das medidas que se implanten e difundir de forma axeitada a existencia destas.

Alcanzado este punto, unha rápida reflexión revela que moitos dos problemas e das posibles solucións conflúen no ámbito das Administracións Locais.

5ª.- Os axentes privados deben representar un papel crucial.


A pesar dos esforzos que os axentes públicos e outras organizacións desenvolvan, é preciso ter en conta que as decisións últimas recaen finalmente nas persoas e nas empresas.

Neste contexto, o papel dunha administración autonómica relacionase máis coa provisión de información e de estímulos para a libre adopción de decisións privadas, xa que, precisamente, un dos grandes grupos de causas da baixa natalidade das sociedades desenvolvidas pertencen ó ámbito sociolóxico e cultural, terreo de carácter subxectivo e estritamente persoal.

6ª.- O futuro Plan deberá incidir, por riba de todo, nas políticas a favor das mulleres.

É prioritario promover unha repartición xusta entre home e muller dos traballos dedicados á familia e ó fogar dentro do propio fogar, xa que os datos referidos ó total español reflicten que máis do 72% das persoas que diariamente coidan nenos son mulleres e que estas tamén constitúen case o 80% dos que prestan atención diaria a algún adulto.

7ª.- A importancia diferencial que adquiren os procesos e condicións de acceso da muller ó mercado de traballo para eleva-la taxa de natalidade de Galicia.

Cadro 2**Desemprego e natalidade nas provincias e rexións españolas 1999**

Elaboración propia (do Plan) a partir da EPA e Movemento natural da poboación (INE)

Neste senso, o aumento do grao de eficiencia do mercado de traballo é a forma máis axeitada de fomenta-lo aumento da natalidade.

A non dispoñibilidade dun emprego de calidade limita de forma notable a natalidade. O mesmo tempo, unhas dificultades excesivas para o acceso ás funcións de responsabilidade, remuneración e recoñecemento desexadas tamén actúan como un freo importante para a adopción de decisións familiares.

A relación entre o desemprego e taxa de natalidade por provincias pódese observar no gráfico incluído no **cadro 2**.

As estratexias que hai que adoptar dentro das políticas activas do mercado de traballo deberían apuntar en tres direccións: por un lado, promove-lo aumento cuantitativo do emprego feminino; en segundo lugar, aumenta-la eficiencia do mercado de traballo no senso de facilita-la mobilidade laboral; e, finalmente, concilia-las condicións de traballo coas esixentes demandas do ámbito familiar.

8ª- Modificación das oportunidades de emprego.

As oportunidades de emprego que se encontran abertas na actualidade en Galicia maniféstanse, na gran maioría, no ámbito dos servizos destinados ás familias, pero

o avellentamento da poboación modificará de xeito importante tódalas pautas de demanda da rexión.

Da análise do cambio demográfico rexistrado e das tendencias previstas ata a data horizonte de 2015, detéctase unha serie de aspectos que afectan, nuns casos, á poboación de Galicia no seu conxunto, e noutros, a determinados sectores ou colectivos dela. Os ditos aspectos asociados as cinco áreas principais nas que pretende influí-lo Plan son os seguintes:

1.- Emprego

• **Necesidade de facer fronte a longo prazo ós requirimentos cuantitativos e cualitativos de man de obra para atende-lo sistema productivo (cadro 3).**

Neste senso, do informe derívanse as seguintes conclusións:

a) Sexa cal sexa o escenario considerado, no ano 2015 Galicia enfrontarase cun déficit de man de obra, absorbéndose paulatinamente o stock de paro existente actualmente. Moi probablemente, e de cara a evitar estrangulamentos no sistema productivo, terase que incorporar continxentes de man de obra externa, sexan doutras rexións españolas ou procedentes doutros países.

b) Rexistrarase un excedente de man de obra con niveis de cualificación baixos e, sobre todo, con niveis de segundo grao. Farán falta importantes continxentes de persoas con formación técnico-profesional e existirá tamén un déficit no nivel de persoas con estudos superiores.

• **Aproveitamento do potencial de xeración de emprego en Galicia, especialmente en determinados sectores e áreas xeográficas.**

Galicia presenta unha taxa de terciarización un 10 % inferior á taxa do Estado, ó mesmo tempo que dita terciarización baseouse sobre actividades relacionadas coas Administracións Públicas.

En definitiva, Galicia presenta un menor nivel de terciarización do seu emprego en comparación co conxunto de rexións españolas e, ademais, dita terciarización reviste en Galicia menores ritmos de avance.

Cadro 3**Saldos migratorios de Galicia, 1998**

	Total	Persoas en idade activa
De españois co estranxeiro	4.971	3.322
De españois co resto de España	-3.574	-3.197
De estranxeiros co estranxeiro	1.371	1.061
Total Galicia	2.768	1.186

Fonte: *Elaboración propia (do Plan) a partir de Estadística de variacións residenciais (INE) e Emigración asisitida (MTAS)*

2.- Muller**• A integración laboral da poboación feminina.**

As pautas de participación laboral da muller e as decisións de natalidade encóntanse relacionadas. Aínda que o sentido desta relación non resulta claro, os datos sinalan que naqueles países que posúen maiores taxas de actividade laboral feminina, obsérvanse tamén taxas de natalidade máis elevadas. Polo tanto, parece que o incremento no nivel de renda da muller derivado da súa integración laboral aumenta as posibilidades de ter fillos.

A condición para que a anterior relación se verifique é que a muller poida levar a cabo as súas decisións laborais cun certo grao de éxito, o que esixe, cando menos, a posibilidade de compatibiliza-lo traballo dentro e fóra do fogar e ter oportunidades de traballo.

Polo tanto, para explica-lo comportamento das taxas de natalidade deberán analizarse os determinantes e condicionantes das taxas de actividade femininas, considerando tanto as variables tradicionais coma os elementos que configuran as súas oportunidades de organización familiar e de acceso a un posto de traballo, en concreto:

- A idade da muller, como indicador das oportunidades laborais.
- O nivel de estudos, como indicador do capital humano acumulado.
- A existencia e idade dos fillos, como elemento que dificulta normalmente as decisións de participación laboral.
- O tamaño do lugar de residencia.
- A taxa de desemprego existente na comunidade.
- O grao e ritmo de terciarización rexional, xa que case o 80% das mulleres que traballan o fan desenvolvendo actividades terciarias.

- O axuste entre as cualificacións femininas e as requiridas polo tecido productivo.
- A taxa de temporalidade e a taxa de parcialidade.

Os datos relativos á muller galega revelan que:

- Se mantén o nesgo da poboación feminina en idade de traballar cara ós tramos de maior idade.
- Aumenta o nivel das súas credenciais educativas.
- Se reduciu en tres puntos o desemprego feminino.
- Se reduciu a temporalidade feminina, á vez que aumentou o traballo feminino a tempo parcial.
- A economía galega continua dentro dun proceso de terciarización do seu sistema productivo.

• Limitacións para compatibiliza-las obrigas laborais e familiares e, polo tanto, para a crianza dos fillos.

A posibilidade de compatibiliza-lo traballo dentro e fóra do fogar constitúese nunha condición necesaria tanto para a participación laboral das mulleres como das súas decisións de maternidade. Un xeito de compatibiliza-los é a través da demanda de servizos substitutivos do traballo doméstico, polo que a súa oferta e capacidade de demanda constitúen elementos moi relevantes para facilita-lo traballo remunerado das mulleres.

• Oferta de servizos de apoio para as familias con fillos pequenos (cadro 4).

Neste senso, destaca o servizo de garderías. Mentres que o 5,7% das familias españolas utilizan este servizo, en Galicia esta porcentaxe redúcese ó 2,9%, e mentres que o gasto en garderías supón o 0,18% do gasto total das familias españolas e o 0,6% do seu gasto en servizos, en Galicia a súa importancia límitase ó 0,09% do gasto total e ó 0,38% do gasto realizado en servizos.

3.- Mocidade

• Integración laboral da poboación nova (cadro 5).

A pesar da situación relativamente menos favorable dos mozos galegos en relación ós doutras comunidades, as taxas de desemprego xuvenil, con ou sen experiencia previa, non constitúen un factor rexional diferencial e presentan valores similares ós estatais.

Cadro 4**Consumo de servicios en España e Galicia**

	España			
	Frec. De uso	Media de gasto	% total	% servicios
	(% de familias)	(pts/ano/fogar)		(en Km2)
Serv. fogar e reparac.	41,2	28.040	1,3	4,4
Servicios domésticos	10,0	19.487	0,9	3,1
Comidas fóra do fogar	71,8	156.215	7,2	24,7
Garderías	5,7	3.829	0,2	0,6
Total servicios		633.644	29,2	100,0
Total bens e servicios		2.169.752	100,0	
Total bens		1.536.108	70,8	

	Galicia			
	Frec. De uso	Media de gasto	% total	% servicios
	(% de familias)	(pts/ano/fogar)		(en Km2)
Serv. fogar e reparac.	34,7	18.168	0,9	3,6
Servicios domésticos	5,8	13.480	0,6	2,7
Comidas fóra do fogar	65,3	116.995	5,5	23,2
Garderías	2,9	1.928	0,1	0,4
Total servicios		504.756	23,8	100,0
Total bens e servicios		2.116.682	100,0	
Total bens		1.611.926	76,2	

Fonte: Enquisa básica de orzamentos familiares, 1990-91

Cadro 5**Condicións de entrada ó mercado de traballo en Galicia**

NIVEL DE ESTUDIOS					
Sen estudos	Estudios obrigatorios	Estudios secundarios	Formación profesional	Universitarios medios	Universitarios superiores
2,6	58,6	9,3	16,9	5,9	6,6
IDADE DE ENTRADA					
16-24	25-34	35-44	45-54	55 e máis	
30,9	35,9	19,9	10,8	2,6	
CONTRATO XORNADA					
Contrato indefinido	Contrato temporal		Xornada Completa	Xornada Parcial	
27,4	72,6		89,3	10,7	

Fonte: EPA. Segundo trimestre de 2000

Respecto da relación entre a decisión de ter fillos e a integración laboral da poboación nova, os datos reflicten que o retardo no acceso á independencia económica non parece a razón determinante do atraso e do descenso na natalidade.

Datos máis reveladores son os referidos á temporalidade á entrada no mercado de traballo. Neste senso, o 72,6% dos traballadores de novo ingreso o fixeron a través da contratación temporal.

Os datos de tendencia relativos á mocidade galega revelan unha importante mellora das condicións laborais enfrontadas por este colectivo:

- A taxa de paro sen experiencia laboral previa reduciuse de forma notable para os máis novos.
- Redúcese a temporalidade que afrontan á entrada no mercado de traballo.
- Aumenta o uso do emprego a tempo parcial.
- Incrementáanse os requirimentos educativos esixidos na entrada.

• Estabilidade no emprego dos grupos de xente nova de poboación e a súa relación co desenvolvemento de proxectos en familia.

Como se dixo, o 72,6% dos traballadores de novo ingreso chegaron ó mercado laboral a través da contratación temporal. Ademais, case o 70 % dos mozos galegos non consegue acumular máis de tres anos de antigüidade, dilatan a consecución de situacións de estabilidade económica e, polo tanto, incrementa a idade en que ten lugar a maternidade.

• Acceso a unha vivenda en alugamento ou en propiedade para os grupos de mozos que desexan formar ou manter unha familia.

A baixa accesibilidade á vivenda constitúe un dos motivos obxectivos con maior incidencia no atraso da emancipación da mocidade, aínda que existen outras razóns culturais ou económicas tales como o menor conflito interxeneracional, os hábitos de consumo ou a inestabilidade no traballo.

• Baixa propensión da poboación a acceder a unha vivenda en réxime de alugamento e, como consecuencia, limitación á mobilidade espacial de certos colectivos de poboación.

Un dato significativo á hora de explica-la accesibilidade e prezos da vivenda é o da mobilidade, en canto que valores elevados desta última evitarían desaxustes no mercado laboral.

A reducida oferta de vivenda en alugamento e a reducida mobilidade dos usuarios de vivenda en propiedade poden dar lugar ó problema anterior.

4.- Maiores

• **Tendencia ó avellentamento da poboación galega, polo tanto, crecentes necesidades de atención da poboación maior e necesidade dunha maior oferta de servizos destinados a este colectivo.**

Os niveis de poboación maior de 65 anos en Galicia sitúana no grupo de cabeza das comunidades autónomas. Esta poboación concéntrase en pequenos municipios do interior das provincias de Ourense e Lugo, o que incrementa o resgo de illamento da poboación maior e fai máis complexas as políticas de actuación para esta poboación que ten un maior grao de dependencia.

A proporción de maiores de máis de 65 anos alcanza o 19% e as previsións do IGE para o 2026 sitúan esta porcentaxe en niveis do 25%, ó tempo que os maiores teñen que atender a unhas necesidades crecentes producidas por un incremento do seu grao de dependencia.

Na última década en Galicia o número de prazas residenciais para persoas maiores incrementouse significativamente, aínda que debe seguir aumentando para corrixi-la deficiente situación de partida.

5.- Inmigración.

• **Definir plans a medio e longo prazo para organizar fluxos de emigrantes, así como para a súa integración social e laboral (cadro 6).**

Nos últimos anos, o saldo migratorio rexional de Galicia ven presentando signo positivo (2.768 persoas en 1998), pero que non chega a compensa-la perda de poboación asociada ó movemento vexetativo, xa que o crecemento vexetativo de Galicia no ano 1998 foi de -9.542 persoas, cunha taxa do -3,5%.

Destaca, neste senso, que Galicia recibe o 23% das entradas de españois procedentes do estranxeiro, ocupando o primeiro lugar entre todas as Comunidades Autónomas, mentres que a inmigración de estranxeiros é, polo contrario, moi modesta.

O nivel de cualificación profesional dos inmigrantes para o acceso ás oportuni-

Cadro 6**Contraste oferta-demanda de man de obra**

Nivel de estudos	Oferta (a)	Escenario 1 de demanda	Escenario 2 de demanda	Escenario 3 de demanda	Contraste de Escenario 1 de demanda (b)	Contraste de Escenario 2 de demanda (b)	Contraste de Escenario 3 de demanda (b)
1º grao	71.000	61.000	63.000	68.000	E10	E8	E3
2º grao	676.000	458.000	479.000	513.000	E218	E197	E163
FT-Prof.	132.000	266.000	277.000	298.000	D134	D145	D166
3º grao	123.000	234.000	45.000	262.000	D111	D122	D139
Total	999.000	1.019.000	1.064.000	1.141.000	D20	D65	D142

(a) Tomouse, como hipótese, a media dos 3 escenarios recollidos na análise prospectiva da oferta de man de obra

(b) E=excedente; D=déficit. En ámbolos dous casos expresados en miles de persoas

dades de traballo é escaso. Dos inmigrantes españois en Galicia, só un 15% alcanzan polo menos o nivel de estudos de bacharelato.

Na zona transfronteiriza Galicia-Portugal, existe un importante movemento pendular de relacións domicilio-traballo.

Previsiblemente, a contía da inmigración neta a Galicia dependerá en grande medida da evolución do balance de oferta / demanda de emprego na rexión, que, á súa vez, virá determinado polo ritmo de crecemento da economía galega, pola dinámica comparativa dos distintos sectores e a súa tradución na contía e composición da demanda de man de obra.

Dado o saldo migratorio rexional positivo así como a súa tendencia, é importante ter en conta a necesidade de mellores servizos sociais e laborais dirixidos á poboación inmigrante.

III.- Programas de actuación

Partindo da situación exposta, no Plan propóñense varios programas de actuación que recollen distintos tipos de medidas e mecanismos que se consideran apropiados e preferentes para mitigar aqueles. Unha relación detallada da composición dos programas de medidas achégase como anexo II.

Os programas deseñados son de dous tipos: algúns deles teñen un carácter finalista, no sentido de que se trata dunha problemática concreta que se desexa paliar; noutros casos son de carácter instrumental, na medida en que recollen mecanismos que poden afectar horizontalmente a problemáticas distintas. Trátase, polo tanto, dun conxunto mixto de programas o deseño do cal veu dado pola intención de alcanza-la máxima operatividade no seu desenvolvemento.

Os programas en que se organizaron as medidas propostas son cinco:

Programa 1: Adaptación das políticas activas de emprego ó cambio demográfico.

Os grupos de actuacións que veñen rexistrándose nos distintos países da Unión Europea dirixidas á consecución da estabilidade laboral e cualificación da poboación clasifícanse en tres grandes pilares:

- 1º.- Actuacións para potencia-la empregabilidade da poboación activa:
 - Facilita-la transición dende a escola ó mundo laboral.

- Previ-lo paro persistente dos novos.
- Contrarresta-lo paro de longa duración
- Favorece-la integración no mercado laboral dos colectivos desprotexidos.
- Favorece-la integración no mercado laboral dos colectivos de inmigrantes.
- Favorece-la igualdade de oportunidades entre home e muller.

2º.- Actuacións destinadas a potencia-la adaptabilidade dos cadros de persoal:

- Previ-la obsolescencia da man de obra.
- Incrementa-la rendibilidade do investimento en capital humano na empresa.
- Favorecer unha mellor organización do emprego no seo da empresa.

3º.- Actuacións destinadas a potencia-la creación de emprego:

- Favorece-las iniciativas empresariais, en xeral, e das *pemes*, en particular.
- Promove-lo autoemprego.
- Explotar novas oportunidades para a creación de emprego.

As **boas prácticas** para inseri-la poboación ou propicia-la súa adaptabilidade laboral son as seguintes:

- Facilita-la inserción profesional.
- Potencia-la propensión cara á actividade empresarial.
- Favorece-la capacidade de adaptación dos traballadores e das *pemes* e micro-empresas en materia laboral.
- Favorece-la expansión de oportunidades entre colectivos con maiores dificultades de inserción ou de adaptación.
- Favorece-la cobertura de vacantes de emprego con man de obra inmigrante e a adaptación desta ó contorno sociolaboral.

Programa 2: Incentivación da maternidade / paternidade.

Un dos factores clave á hora de desempeñar e pór en marcha medidas tendentes a eleva-lo índice de natalidade en Galicia é que estas deben dirixirse tanto a homes como a mulleres.

Sen embargo, a dualidade de papeis da muller é o que configura a nova familia e onde deben centrarse as políticas familiares e de estímulo á natalidade, porque toda medida que se adopte que non lle garanta á muller a súa permanencia no traballo e na vida activa está destinada ó fracaso a medio prazo.

Os datos derivados das entrevistas realizadas reflicten que os tres motivos claves para non ter fillos son:

- As esixencias económicas derivadas da súa crianza.
- A dedicación e perda de liberdade que supoñen.
- A inseguridade no futuro afectivo e profesional.

Deben considerarse, polo tanto, como medidas prioritarias as dirixidas a incentivar economicamente ós futuros pais, as que permitan a conciliación da vida profesional e familiar e as medidas de apoio ós pais nas súas funcións educadoras.

No campo da conciliación da vida familiar e profesional, desenvólvense unha serie ampla de medidas, entre outras as seguintes:

- Os estímulos á corresponsabilidade das empresas.
- Os programas formativos para a conservación e actualización do capital humano das persoas que se ausentan da vida laboral.
- O impulso á creación de garderías con flexibilidade de horarios.
- A ampliación dos servizos prestados polas infraestruturas educativas e sociais existentes.

Entre as medidas económicas, a política fiscal revelouse como un instrumento clásico de incentivación da natalidade. Sen embargo, cabe a posibilidade de recoñecer que os efectos reais destes incentivos sexan limitados, e que, en todo caso, é necesario considerar que constitúen medidas de carácter complementario.

Dentro das experiencias dirixidas a apoiar os pais e docentes nos seus labores educadores, destacan as seguintes:

- A creación de gabinetes de orientación familiar e outros programas dirixidos a asesorar os pais en temas familiares.
- A creación de centros de atención para nenos con dificultades psíquicas ou físicas.
- As actividades de ocio activo.
- O apoio á asistencia a actividades extraescolares.

Programa 3: Mellora da accesibilidade da mocidade á vivenda.

A escaseza de vivenda en alugamento e o seu elevado custo en relación cos pagamentos da hipoteca retrae a demanda e con isto se atrasa a idade de emancipación. Sen embargo, a vivenda é unha condición necesaria pero non suficiente para a emancipación dos fillos.

Desde esta perspectiva, parece vantaxoso facilita-lo acceso á vivenda en aluga-

mento e combina-las medidas de acceso á vivendas coas restantes do futuro plan.

As alternativas postas en marcha noutros ámbitos para potencia-la existencia dunha oferta axeitada de aloxamento barato que facilite o adiantamento da emancipación efectiva das parellas novas discorreron polos seguintes ámbitos de intervención:

- A promoción pública de vivendas orientadas fundamentalmente ás persoas con ingresos baixos.
- O afianzamento e garantía de alugamento pola Administración ante os arrendadores de que os pisos van a estar alugados efectivamente.
- A subvención total ou parcial do alugamento ós mozos que se emancipen.
- Unha maior transparencia e madurez nos mercados.
- A creación de centros residenciais que acollan a emigrantes novos e á poboación de difícil integración social.
- A potenciación das contas-vivenda.

Programa 4: Medidas dos servizos dirixidos ós maiores

A ampliación da oferta de servizos xerontolóxicos dirixidos á persoas dependentes revélase como unha prioridade para seguir aumentando a cobertura das necesidades da poboación afectada e dimensionar racionalmente os recursos.

Os principios filosóficos que deben segui-los distintos programas ou medidas para implantar serían:

- Axudar ó desenvolvemento do maior como un membro máis da comunidade.
- Potenciar e favorecer-la autonomía do maior.
- Mantelo no entorno no que desenvolveu a súa vida.
- Preserva-los seus valores e identidade.
- Tratar de darlle a mellor calidade de vida nas distintas etapas.
- Dada a escaseza dos recursos públicos, as accións deberán apoiarse nos recursos dos propios beneficiarios.
- Apoia-las familias dos dependentes.

Outro aspecto estratéxico para a posta en marcha das futuras medidas refírese á difusión de información suficiente sobre o seu funcionamento.

1º.- Boas prácticas relacionadas co mantemento das persoas no seu entorno familiar:

- Experiencias dirixidas á poboación de maiores dependentes: axuda a domici-

lio, programas de apoio a familias coidadoras e creación de equipamentos sanitarios, entre outras.

- Experiencias dirixidas á poboación de maiores pouco dependentes: campañas informativas sobre os programas e recursos, mellora da infraestrutura social e potenciación de centros de día, entre outras.

- Experiencias dirixidas a coidadores: promoción de actividades e axudas fiscais para familias.

- Experiencias dirixidas á poboación en xeral, onde se integran as campañas de sensibilización e as campañas divulgativas de medidas sanitarias preventivas.

2º.- Boas prácticas relacionadas coa mellora da oferta de prazas en residencias da terceira idade:

- Construcción de residencias públicas para a súa xestión directa.

- Construcción de residencias cedendo a xestión ó sector privado.

- Convocatoria de concursos para a construcción de novas residencias, achegando o solo e fixando o período e requisitos mínimos da concesión.

- Favorece-las experiencias cooperativistas.

3º.- Boas prácticas dirixidas a favorece-la suficiencia económica dos residentes:

- Fomento do seguro de dependencia, como fórmula para reducir custos no futuro.

- Realización por parte do usuario dunha declaración dos seus bens dos últimos cinco anos á entrada nunha residencia.

- Compromiso dos usuarios das residencias públicas de participar nos custos que xere a súa asistencia.

- Formulas que estimulan a mobilización do patrimonio inmobiliario e de todo tipo do usuario.

- Medidas de concentración de prazas.

- Programas de cheque residencia como vía de favorece-la liberdade de contratación do residente e, polo tanto, incrementa-la súa capacidade de negociación coas distintas residencias.

Programa 5: Integración social dos inmigrantes.

En Galicia deberán acometerse medidas de intervención relativas ós distintos retos relacionados coa inmigración estranxeira, de cara ó obxectivo de logra-la integración na sociedade galega e a convivencia dos diferentes grupos étnicos e culturais.

A inserción dos inmigrantes na sociedade esixe promove-lo mutuo coñecemento e evitar, na medida do posible, situacións de marxinalidade e concentración/segregación espacial.

O mutuo coñecemento, a través do intercambio cultural, contribúe a previr actitudes xenófobas e a supera-la desconfianza. Para iso deben incrementarse as campañas informativas.

4.- CONSIDERACIÓNS

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Respecto ós principios rectores e ás cuestións clave do plan e o seu diagnóstico, o CES entende necesario face-las seguintes consideracións xerais:

1.- O CES considera que o *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)* debe plantexarse como un punto de partida ou “libro branco” que permita, a través do diálogo con tódalas partes implicadas no mesmo, o máis amplo consenso social posible, como condición necesaria para acadar os obxectivos propostos.

2.- Reformar o concepto de familia e rol tradicional axeitándoos á realidade social actual.

3.- Incorporar tódolos conceptos e instrumentos necesarios referidos ó tempo de traballo retribuído e non retribuído e non exclusivamente o contrato a tempo parcial.

4.- Corrixir conceptos de sexo e xénero.

5.- Modificar a linguaxe sexista.

6.- As propostas ou medidas deben ser a prol das políticas de igualdade, non só a favor das mulleres. Neste senso, considérase que a necesaria conciliación da vida laboral e familiar debe afectar por igual tanto ás mulleres como ós homes.

7.- Definir o papel da administración, en concreto da Xunta de Galicia, xa que a porcentaxe dos orzamentos destinada a gastos sociais non se corresponde coas necesidades detectadas no propio plan.

8.- De acordo co eixe de actuación número 6: “Promove-la fixación da poboación no medio rural”, o CES considera necesario que na composición do programa de medidas debe desenvolverse un programa específico e explícito de revitalización demográfica no medio rural.

Este programa debe ter en conta que o aumento e fixación da poboación no medio rural pasa por unha calidade de vida digna.

As medidas que se propón incluír neste programa son:

- Terminación da mellora da electrificación rural.
- Mellora do financiamento da concentración parcelaria.
- Facer chegar ó medio rural os servizos básicos de telecomunicacións (telefonía e datos).
- Investimentos en pistas a tódalas vivendas e industrias (ganderías, serrarías, talleres, etc).
- Constitución dun grupo lácteo coas dimensións necesarias (técnicas e económicas).
- Industrialización do sector para terminar os ciclos productivos (madeira, carne, etc).
- Servizos públicos suficientes e de calidade: medicina, ensinanza, transporte, bibliotecas, garderías, zonas recreativas, etc.
- Control dos cursiños de formación.
- Monitores permanentes no medio rural para asesora-los distintos sectores.
- Control do plan de restauración da vivenda rural.
- Mellora das condicións financeiras para fomenta-lo investimento no rural.
- Un plan forestal consensuado cos axentes económicos e sociais do sector, e a creación do Consello Galego Forestal.
- Ter en conta o informe feito polo CES sobre a “ Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia”

8.- O CES considera que deberían reformularse os “Programas de adaptación das políticas activas de emprego ó cambio demográfico” do Plan de Revitalización Demográfica de Galicia, axustándoos ós programas, plans e medidas do **Plan Galego de Formación Profesional**.

Neste senso, nas medidas de emprego que se sustenten na formación deberían-se incluír os seguintes programas do citado Plan:

- Programas de mellora do sistema de FP de Galicia. O orzamento total deste programa para o período 2002-2006 é de 8.765 millóns de pesetas.
- Programa de cualificación e formación profesional inicial/regrada. O financiamento previsto para este programa para o período 2002-2006 é de 89.302 millóns de pesetas.
- Programa de formación profesional continua. Este programa abarca o período 2002-2004 cun orzamento previsto de 33.751 millóns de pesetas.
- Programa de cualificación e formación profesional inicial/ocupacional. O orzamento total previsto para este programa no período 2002-2006 é de 68.840 millóns de pesetas.

Cadro C.1. *Tipo de convivencia das persoas maiores: distribución segundo tramos de idade*

	65-69	70-74	75-79	80-84	85-89	90 e máis	Total
	%						
Só	14,9	15,8	21,6	19,0	17,5	13,3	17,2
Con cónxuxe ou parella	50,2	46,3	38,0	25,2	13,7	12,9	39,4
Con fillos na súa casa	24,0	26,7	23,7	28,9	39,2	43,3	27,1
En casa dos fillos	1,9	2,3	5,7	7,7	16,3	16,0	5,0
Con outros familiares	6,7	7,6	9,6	16,9	9,2	10,3	9,2
Outra	1,8	1,3	1,4	1,8	4,1	4,2	1,8
Ns/nc	0,5	-	-	0,5	-	-	0,3
Total	100	100	100	100	100	100	100

Fonte: Enquisa a persoas maiores de 65. Excluídos os 13 casos de idade descoñecida

"Servicios sociais para maiores de 65 dependentes e a súa incidencia na creación de emprego en Galicia". INEM 2006

- Programa de calidade e avaliación. O financiamento previsto para o período 2002-2006 é de 429 millóns de pesetas.

9.- O CES considera que, realizado un diagnóstico axeitado dos problemas para a revitalización demográfica de Galicia, e identificados os programas necesarios para o tratamento dos ditos problemas, débese concretar no Plan de Revitalización Demográfica de Galicia a cuantificación dos recursos que poidan asignarse finalmente a ditos programas, periodificando os mesmos de xeito diferenciado, nos períodos 2002-2006 e 2007-2015, para que poida establecerse a prioridade na aplicación dos programas e a intensidade coa que se tratan.

Neste senso, cabe destaca-lo xa citado Plan Galego de Formación Profesional, que conta cun orzamento global para o período 2002-2006 de 201.087 millóns de pesetas, divididos en diferentes programas, do xeito antes descrito, e o Plan Galego de Persoas Maiores, que conta cun orzamento de 27.140 millóns de pesetas, dos que 22.240 millóns de pesetas destínanse a programas, 3.100 millóns de pesetas a investimentos nas residencias de Vigo, Santiago, Coruña e Ribeira, e os 1.800 millóns de pesetas restantes á creación de 20 centros multiasistenciais con iniciativa privada/Igape.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Respecto ós principios rectores e cuestións clave do plan e o seu diagnóstico, o CES considera necesario face-las seguintes consideracións particulares:

1.- Ó falar de conciliación da vida laboral e familiar, considérase que se debería facer referencia á necesidade de ampliar a rede pública de servizos sociais así como ó coidado a persoas dependentes e non só a maternidade/paternidade, máis se temos en conta o avellentamento da poboación en Galicia reflectido nos datos que amosa o cadro C.1.

Por outra banda, para estudar o comportamento das taxas de natalidade deberá analizarse a calidade da cobertura pública de centros de atención a nenos. A menor porcentaxe de utilización destes servizos pode ser por unha inferior calidade ou por horarios inadecuados.

2.- A intención de elaborar un plan de revitalización demográfica integrador considérase que se debe plasmar ó longo do documento, e non só xirar encol ó incremento da natalidade basicamente.

3.- Os criterios puramente economicistas non se consideran suficientes nin idóneos para tratar unha problemática social. Como exemplo disto pódese citar o punto 1.4: “*Contraste oferta/demanda*” (páxina 39).

4.- Os aspectos clave para a incorporación da xente moza ou das mulleres ó traballo, enténdese que deben ser merecedores dunha análise máis profunda (punto b páxina 44).

5.- A afirmación de que a maior taxa de actividade laboral feminina eleva o índice de natalidade considérase que é cando menos limitada, e que unicamente se cumpre esta afirmación naqueles países industrializados con fortes investimentos en prestacións sociais.

6.- A idea de que os contratos a tempo parcial son unha mellora importante nas condicións laborais da mocidade é cando menos arriscada.

Cadro C.2.**Importe medio da pensión 2000**

	Pensión	Diferencia coa media
		%
País Vasco	98.100	126
Asturias	95.100	122
Madrid	92.300	118
Navarra	84.700	108
Ceuta e Melilla	83.500	107
Cantabria	80.400	103
Cataluña	80.100	103
Aragón	79.700	103
Castela e León	75.300	97
Rioxa	74.900	96
Canarias	73.600	94
Andalucía	72.300	93
Castela-A Mancha	71.800	92
C. Valenciana	71.500	92
Baleares	70.500	90
Murcia	69.600	89
Extremadura	67.200	86
Galicia	65.200	84
Media	77.900	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

7.- Da lectura do documento extráese a impresión de que o motor da revitalización demográfica descansa unicamente en mans privadas, sendo o papel das administracións públicas unicamente adoptar medidas normativas e institucionais. O CES considera que parte importante do problema da conciliación da vida laboral e familiar é a escaseza de recursos públicos que se destinan a tal fin (ver 1º e 3º parágrafo da páx. 15).

8.- Considérase necesario facer unha introducción no punto 2.2 que reflicta a situación laboral das mulleres (salarios, xornadas, permisos, etc.)

9.- O CES entende que se debería introducir o concepto da protección non sanitaria ó embarazo.

10.- Considérase necesario introducir o apartado de permisos paternais da Lei de conciliación da vida familiar e laboral.

11.- En relación á accesibilidade da mocidade á vivenda e a súa influencia na natalidade, o CES considera que non é rigoroso utilizar unha enquisa na que a razón fundamental para non ter fillos sexa “outras causas” (páxina 57 derradeiro parágrafo).

12.- Neste mesmo eido da accesibilidade á vivenda, o CES entende que deberíanse manexar os datos para Galicia do IGE, nos que se amosa que o peso da vivenda dentro da renda é do 38,4% no terceiro trimestre do ano pasado, fronte ó 32,1% dun ano antes. Isto amosa un empeoramento da accesibilidade á vivenda como consecuencia do aumento dos seus prezos e da evolución dos tipos de xuro. Estes datos difiren bastante do recollido no Plan de Revitalización Demográfica.

Por outra banda o CES entende que o problema central para o acceso á vivenda está tanto na dificultade de conseguir un emprego estable como na idade de acceso ó mesmo.

Na páxina 83 do documento, dentro das experiencias practicadas, nas alternativas postas en marcha noutros ámbitos para potencia-la existencia dunha oferta adecuada de aloxamento barato que facilite o adiantamento da emancipación efectiva das parellas novas, establécese, entre outros, o ámbito de intervención da creación de centros residenciais que acollan a emigrantes novos e á poboación de difícil integración social.

O CES entende que poderíase correr o perigo de que estes centros “residenciais” se converteran en guetos de persoas en exclusión social, o que de xeito ningún potenciaría a súa integración.

Por outra parte, non se identifica ó resto da poboación de difícil integración. Habería que analizar a qué poboación se dirixe e valorar a funcionalidade de mesturar persoas ou colectivos con problemáticas totalmente distintas.

13.- O CES considera que o Plan de Revitalización Demográfica contempla ós maiores unicamente como demandantes pasivos, esquecéndose da consideración dos mesmos como seres activos e demandantes de formación, durante toda a vida, e como partícipes activos no ocio da sociedade.

Enténdese que debería eliminarse, dos principios filosóficos reflectidos na páxina 84, o seguinte: *“Dada a escaseza de recursos públicos, ás accións deberán apoiarse nos recursos dos propios beneficiarios, tomando as autoridades públicas un papel de orientador de recursos e só actuar como financiadores do servizo en situación de precariedade”*.

Cando se fan este tipo de afirmacións, deberíase ter en conta que a pensión media en Galicia no ano 2000 foi de 65.200 pesetas, ó que significa un 84% da pensión media do estado, cifrada en 77.900 pesetas. Os datos sobre importe medio da pensión están recollidos no cadro C.2.

Cadro C.3.

Distribución da poboación por idades e provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
De 0 a 16	156.876	46.564	43.067	144.591	391.098
De 16 a 64	750.792	226.789	212.461	617.609	1.807.651
De 65 e máis	198.658	94.399	88.642	144.098	525.797
Total	1.106.325	367.751	344.170	906.298	2.724.544

Fonte: IGE

Cómpre lembrar tamén que, segundo datos da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, 53.099 persoas reciben pensións non contributivas e que a oferta de prazas públicas en residencias en Galicia é de 3.491.

Ante estes datos, recurrir á privatización ou falar de seguro de dependencia é, cando menos, arriscado.

Neste senso, o CES considera que en ningún caso debe figurar no Plan de Revitalización Demográfica de Galicia (punto b: “Experiencias relacionadas coa mellora de oferta de prazas da terceira idade”, páxina 86) a posibilidade de construír residencias da terceira idade con presuposto público para ceder a súa xestión ó sector privado. As residencias construídas con financiamento público deben ser xestionadas polo sector público.

No seu informe 3/99, sobre *A situación sanitaria de Galicia*, o Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade a seguinte consideración sobre a atención socio-sanitaria :

“8.- Atención socio-sanitaria. Tanto a atención primaria como a atención especializada vense na obriga de realizar diversos servizos e prestacións debido tanto a unha asistencia domiciliar insuficiente como á existencia de lagoas legais na nosa política de benestar social. Os casos máis rechamantes prodúcese, na atención especializada, coa ocupación de camas de agudos por parte de enfermos crónicos, que, claramente, non deberían estar atendidos en ese nivel asistencial.

Unha posible solución a ese respecto é que, como sucede nos países escandinavos, a asistencia domiciliar puidera ser transferida ós municipios. Cómpre promoverlo debate e o estudo sobre as actuacións do sector público e do sector privado na prestación dos servizos socio-sanitarios, que, en todo caso, deben garantir os principios constitucionais de equidade, eficiencia e economía na atención socio-sanitaria.”

Cadro C.4. Persoas de máis de 65 anos con discapacidades	
	%
Discapacidade moderada	29,9
Discapacidade severa	33,7
Discapacidade total	34,3
Non consta	2,2
Fonte: Plan galego de persoas maiores 2001-06	

Cadro C.5. Programas do Plan Concertado 2000				
	Nº maiores de 65 anos	Nº usuarios maiores	Atendidos maiores %	Nº actuacións
P. de orientación, asesoramento e información	525.797	107.229	20,4	322.536
P. de inserción social	525.797	17.688	3,4	14.849
P. de convivencia alternativa	525.797	90	0,02	1.450
P. de atención no fogar	525.797	6.983	1,3	32.724
Teleasistencia	525.797	849	0,2	355
Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude : Plan concertado 2000				

Punto e aparte merecen ás mencións ó voluntariado. É perigoso falar da incorporación do voluntariado á atención á terceira idade sen concretar qué tipo de actividades tería que realizar. O labor do voluntariado na atención á terceira idade debe encadrarse dentro do que son tarefas de acompañamento única e exclusivamente, polo que o CES considera necesario que se supriman as alusións a este apartado e, concretamente, ó primeiro parágrafo da páxina 86.

14.- O Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006, aprobado pola Xunta de Galicia, destaca que a poboación galega de máis de 65 anos é de 525.797 persoas, o que representa o 19,3% da poboación total. Este índice de envellecemento (porcentaxe de persoas con idade igual ou superior a 65 anos respecto á poboación total) é significativamente desigual nas catro provincias galegas: o 25,76% en Ourense, o 25,67% en Lugo, o 17,96% na Coruña e o 15,9% en Pontevedra. As cifras totais están reflicidas no cadro C.3.

A poboación galega de máis de 65 anos concéntrase maioritaria nos tramos de idade máis novas: o 55,23% teñen entre 65 e 74 anos, o 33,23% sitúase entre os 75 e os 85 anos e só o 11,54% superan os 85 anos.

Por outra banda, a poboación feminina ten un maior peso fronte á masculina, supoñendo o 59,27% da poboación total de maiores, por un 40,73% da masculina.

Cadro C.6.**Residencias, centros e fogares de 3ª idade**

	Residencias 3ª idade	Centros persoas con minusvalidez	Centros de servicios sociais	Fogares 3ª idade
A Coruña	7	1	8	4
Lugo	6	1	3	1
Ourense	5	-	10	1
Pontevedra	5	2	14	2
Total	23	4	35	8

Fonte: Dirección xeral de servicios sociais

Esta diferenza da porcentaxe de mulleres aumenta progresivamente coa idade, pasando de supoñe-lo 56,8% en idades de 65 a 79 anos ó 67,7% de 80 anos en adiante.

A porcentaxe de persoas maiores esperada no horizonte do ano 2006 é do 23,82% da poboación, o que suporía 636.656 habitantes de máis de 65 anos.

O CES entende que o verdadeiro problema cara afrontar as medidas oportunas para permitir encara-las necesidades derivadas do avellentamento da poboación é de índole económica. A contía da pensión, que para a maior parte dos maiores constitúe os seus únicos ingresos, foi como media no ano 2000 en Galicia de 65.200 pesetas/mes. Dita contía considérase limitada para garantir unha dispoñibilidade económica suficiente.

15.- Segundo o *Plan galego de persoas maiores 2001-2006*, en Galicia preto de 170.000 maiores presentan discapacidades e deles case 115.000 precisan de axuda para realiza-las actividades da vida diaria. No cadro C.4. recóllense as porcentaxes segundo o grao da discapacidade.

Esta taxa de dependencia, que en Galicia se sitúa en 32,42, lixeiramente superior á media estatal (32,21), vai seguir incrementándose nos vindeiros anos, co aumento da poboación moi anciá (máis de 80 anos).

O CES entende que isto vai ter importantes repercusións familiares polo conseguinte incremento de maiores sen autonomía persoal.

16.- Actualmente os recursos para servicios de programas comunitarios fináncianse a través do Plan Concertado do ano 2000, que cubre os que se relacionan no cadro C.5.

Ademais dos plans descritos, existe tamén o chamado “*Plan de animación, prevención e cooperación social*”, no que hai 805 entidades colaboradoras, das que 210 son subvencionadas, e integran a 1.204 voluntarios.

O total do financiamento do Plan Concertado ano 2000 ascendeu a 5.048 millóns de pesetas, dos que 1.177 millóns de pesetas corresponden á Comunidade Autónoma, 1.224 millóns de pesetas ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e 2.647 millóns de pesetas ás Corporacións Locais.

Dende a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais realizáronse os seguintes programas e servizos especializados, dos que se estima que se beneficiaron no ano 2000 máis de 130.000 persoas maiores, que representan ó redor dun 25% da poboación maior de 65 anos:

1.- Programas destinados a envellecer con calidade mediante o fomento da autonomía e a ocupación do tempo libre:

- . Turismo social.
- . Termalismo social.
- . Vacacións para maiores.
- . Vacacións de saúde.
- . Programas de comunicación e creatividade.
- . Formación permanente de adultos.
- . Animación sociocultural.
- . Programas de convivencia.

2.- Programas destinados a mante-lo maior no seu fogar ou no seu medio social habitual, garantíndolle as atencións necesarias:

- . Atención no fogar.
- . Transporte adaptado.
- . Axudas individuais.
- . Estancias temporais.
- . Apoio social a persoas con demencias e ós seus coidadores.
- . Centros de día.
- . Acollemento familiar.

3.- Programas destinados a facilitar aloxamentos alternativos:

- . Apartamentos tutelados.
- . Vivendas comunitarias.
- . Residencias.

A situación actual das residencias, centros para persoas con minusvalías, centros de servizos sociais e fogares da 3ª idade é a que se reflicte no cadro C.6.

O CES considera que deben incrementarse os recursos existentes de servizos e programas a persoas maiores, sobre todo ás dependentes. Debe incluírse no Plan Galego de Revitalización Demográfica as previsións máis importantes do Plan Galego de Persoas Maiores como medidas mínimas para a cobertura social deste colectivo:

a) Extensión da teleasistencia: Segundo a *Enquisa de persoas maiores de 65 anos de 1999* do IGE, a porcentaxe de maiores que viven sos en Galicia é do 17,2%, é dicir, 90.437 maiores. A ratio do *Plan Gerontolóxico Nacional* establece unha cobertura idónea do programa de teleasistencia para un 12% dos maiores que viven sos. Estímase que o número de usuarios deste programa pasará de 1.204 no 2000 a 4.341 no ano 2006, o que implica que o 4,8% dos maiores que viven sos deberían estar cubertos por este programa a través do sistema público.

O financiamento previsto para este programa pasa de 10,5 millóns de pesetas no 2001 a 20,6 millóns de pesetas no 2006.

b) Extensión da atención no fogar: O *Plan Gerontolóxico Nacional* sinala alcanzar como cobertura idónea do programa de atención no fogar unha ratio do 8%. Estímase que o número de usuarios deste programa pasará de 6.983 no ano 2000 a 16.826 no 2006. Dado que o 40% do total de usuarios debe estar cuberto a través do sistema público, isto representaría o 3,3% dos maiores, fronte o 1,33% cubertos na actualidade.

O financiamento previsto para este programa pasa de 924 millóns de pesetas no ano 2001 a 2.193 millóns de pesetas no ano 2006.

c) Extensión do programa de acollemento familiar: Durante o período 2001-2006 potenciarase a integración das persoas maiores no seo dunha familia acolledora que, ademais de proporcionarlle un ambiente e trato familiar, atenda ás necesidades derivadas da súa idade, co obxectivo de pasar de apoiar a 358 maiores no ano 2001 a 1.200 no ano 2006 a través deste programa.

O financiamento previsto para este programa pasa de 250 millóns de pesetas no ano 2001 a 816 millóns de pesetas no ano 2006.

d) Programa de atención ós maiores dependentes do cheque asistencial: Este programa contempla a creación dun sistema de axudas económicas para cofinanciar a compra de servizos para a atención de maiores dependentes que precisan doutra persoa para desenvolverse na vida cotiá. As axudas concédense en función do nivel de dependencia dos solicitantes e a súa situación persoal, familiar e económica.

e) Incremento da rede asistencial para a atención de maiores dependentes: A ratio de prazas residenciais recomendadas polo *Plan Gerontológico Nacional* para cada 100 persoas maiores é de 3,5, das que o 40% teñen que ser de carácter público. Tendo en conta que en Galicia hai 525.797 persoas maiores, para alcanza-la cobertura pública establecida debería contarse cun total de 7.361 prazas públicas, cando no ano 2000 estaban censadas 3.491.

O incremento do número de prazas residencias susténtase nun orzamento que pasa de 7.528 millóns de pesetas no ano 2001, a 12.923 millóns de pesetas no ano 2006.

f) Fomento da creación de centros de día: A ratio de prazas recomendadas polo *Plan Gerontológico Nacional* é de 0,5 por cada 100 persoas maiores; preténdese pasar dunha situación de partida de 100 prazas no ano 2000 a 1.052 prazas no ano 2006, sendo a ratio cuberta polo sistema público do 40% das prazas recomendadas (0,20%).

O financiamento deste programa pasará de 63 millóns de pesetas no ano 2001 a 419 millóns de pesetas no ano 2006.

O CES coida que é necesario afrontar a curto e medio prazo os custos reais que suporía a cobertura destas necesidades por parte do sistema público

17.- En relación a inmigración en Galicia, o CES considera que se deberían actualiza-los datos a decembro do 2000. Segundo o INE. o número de estranxeiros residentes na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2000 ascendeu a 24.141 persoas.

O CES entende que se deberían considerar só os inmigrantes de réxime xeral, eliminándose a poboación procedente de países da Unión Europea, por estar afectados por un réxime de libre circulación de traballadores comunitarios. Así, tendo en conta que en 1999 o número de estranxeiros nacionais da Unión Europea era de 12.143, quedarían 10.380 estranxeiros non comunitarios residentes en Galicia nese ano, ós que sumándolles os 2.158 regularizados no ano 2000 fan un total de 12.538 inmigrantes en situación regular.

Por outra banda o CES considera que, respecto ó **primeiro parágrafo da páxina 65**, hai que facer as seguintes puntualizacións:

1º.- Non é comparable a inmigración procedente de América do Sur que se dá en Galicia coa do resto do estado, pois en termos relativos a proporción de latino-

americanos é maior en Galicia (19% do total de estranxeiros residentes) ca noutras comunidades autónomas, agás Madrid (22,1%). Isto débese á gran cantidade de descendentes de emigrantes galegos en Latinoamérica que veñen a busca-lo seu futuro en Galicia, onde aínda teñen familiares e creen que lles resultará máis doado conseguilo permiso de traballo.

2º.- En termos absolutos, a inmigración en Galicia é superior á de moitas outras comunidades, como Aragón (15.449), Asturias (9.522), Cantabria (4.546), Navarra (8.131), Castela-León (12.739) e A Ríoxa (4.768), entre outras, o que nos sitúa aproximadamente no medio da táboa de comunidades receptoras de inmigración no ano 1999.

En relación ó **terceiro parágrafo da páxina 65**, o CES considera necesario suprimilo, posto que os traballadores portugueses son cidadáns comunitarios.

En canto ó **primeiro parágrafo da páxina 66**, considérase unha análise limitada construí-lo escenario da inmigración única e exclusivamente dende a perspectiva do mercado laboral. A inmigración é un fenómeno social, e como tal hai que ter en conta outros aspectos como a reagrupación familiar, a situación nos países de orixe e, sobre todo, porque a lexislación española en materia de estranxeiría está a interferir no mercado laboral ó impedir que se cubra a demanda de man de obra en determinados sectores coa oferta de traballadores estranxeiros ó non permitírlle-lo acceso ós permisos de traballo.

O CES non considera axeitado a inclusión no documento da enquisa do CIS, onde se fan afirmacións como que “*a man de obra estranxeira rebaixa os salarios*” ou que “*se quitan postos de traballo ós nacionais*”, por considerar que son opinións que poden deberse á ignorancia sobre o contido da lei de estranxeiría.

Finalmente, o CES entende que se debe de suprimir o texto da **páxina 68**, dende “*Aparte da aparición de certas actitudes xenófobas, a experiencia recente (...)*” ata o final da páxina, por conter afirmacións non contrastadas que si poden dar lugar a ditas actitudes xenófobas. Neste senso, deben suprimirse os **parágrafos cuarto e quinto da páxina 88** do documento, onde se identifica inmigración e delincuencia, realidade que non estamos a sufrir en Galicia.

18.- No que respecta á composición dos programas de medidas, e en concreto ó **2.1: “Programa de adaptación de medidas activas de emprego ó cambio demográfico”**, o CES entende que:

- Respecto ó **punto 1.3**: “Débil demanda/oferta de servizos substitutivos de

tempo doméstico”, é preciso a formación das persoas que se dedican ó coidado dos nenos, xa que, mentres tanto non crecerá a demanda de servizos substitutivos de tempo doméstico.

En relación ás axudas ó autoemprego nesta área, o CES considera que as vías a utilizar, citadas na **páxina 72** do documento, non están directamente relacionadas coa potenciación do autoemprego senón coa contratación de novos traballadores unha vez iniciada a actividade empresarial.

No que atinxe ás axudas ó autoemprego, hai que destacar que actualmente cabe a posibilidade de percibir o importe total da prestación contributiva de desemprego nun “pago único” (art.- 228 RDL. 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido orixinal da Seguridade Social), nos supostos nos que o traballador pretenda constituírse en socio dunha cooperativa de traballo asociado ou dunha sociedade laboral, ou ben, no caso de traballadores discapacitados, como traballadores por conta propia ou autónomos. Este “pago único” é o importe total da prestación que lle resta por percibir descontado o tipo de xuro legal do diñeiro (5,50 ata o 31 de decembro do 2001). Esta capitalización leva consigo o abono trimestral, por parte da entidade xestora, do importe do 50% da cota da Seguridade Social correspondente ó Réxime Especial dos Traballadores Autónomos, durante o tempo que se tivese percibido a prestación por desemprego de non ter optado pola modalidade de “pago único”.

O CES considera que a supresión da posibilidade de que os traballadores non discapacitados poidan constituírse como traballadores por conta propia ou autónomos para ter dereito ó abono trimestral, por parte da entidade xestora, do importe do 50% da cota da Seguridade Social correspondente ó Réxime Especial dos Traballadores Autónomos supón unha dificultade para promover o autoemprego, no senso de que, nalgúns casos, pode resultar máis doado constituírse por conta propia ou autónomo que constituír unha cooperativa de traballo asociado ou unha sociedade laboral.

Por todo isto, cabería propor ou a modificación da normativa de desenvolvemento da Lei Xeral da S.S. que impide a posibilidade do abono trimestral do 50% da cota da S.S. ó citado colectivo, ou ben que nos programas de autoemprego autónomo houboese unha subvención complementaria nestes casos co mesmo alcance co abono trimestral do 50% da cota da S.S., en función do tempo de desemprego acreditado.

Por outra banda, o CES considera que deben ampliarse as axudas, dentro do autoemprego en Galicia, a aqueles mozos desempregados menores de 30 anos e/ou maiores de 30 anos que acrediten 12 meses de desemprego, cando constitúan

sociedades limitadas sempre que estas non superen os 10 millóns de pesetas de capital fundacional, equiparándoas ás sociedades anónimas laborais. Deste xeito, enténdese que se facilitaría a incorporación dos parados ó autoemprego.

- Respecto ó **punto 1.4**: “Dificultades na compatibilización da vida familiar e laboral”, ademais da revisión de horarios nos centros escolares e escolas infantís, unha medida complementaria e necesaria na compatibilización da vida familiar e laboral sería o fomento dunha xornada de traballo e educativa similar á europea nos dous ámbitos de actuación (xornada de traballo europea compatible perfectamente co horario escolar actual).

O fomento da xornada flexible debería vir dado por unha mellora da organización do tempo de traballo en aras a conciliar a vida laboral e familiar, e só nos casos nos que a flexibilidade da xornada non sexa posible, a conciliación podería facerse mediante o emprego a tempo parcial, xa que senón pódese estar fomentando o emprego en precario. Fomentar o traballo a tempo parcial sen máis, ó ser maiormente utilizado por mulleres, pode supoñer a longo prazo unha medida moi prexudicial para a muller.

O CES considera imprescindible mellora-la calidade das garderías e a oferta dedicada ó coidado de nenos en xeral, que actualmente é insuficiente. Neste senso, a ampliación da educación obrigatoria de 0 a 3 anos considérase unha medida fundamental para conseguilo citado obxectivo.

- O CES entende que debería engadirse e desenvolverse un **punto 1.7**: “Mellora-la estabilidade no emprego”, como medida fundamental para concilia-la vida laboral e familiar, xa que a temporalidade na contratación é un obstáculo importante á hora de ter fillos.

- Respecto ó **punto 2.1**: “Abandono temperán dos estudos”, o CES considera que a introducción de clases de apoio en materias lectivas dentro do recinto escolar polos mesmos profesores sería efectiva para combater-lo fracaso escolar dos alumnos con máis dificultades.

- En relación ó **punto 4**: “Barreiras á integración laboral dos inmigrantes”, o CES entende que a regulación da inmigración debe facerse de maneira consensuada cos axentes sociais.

Débese garantir o acceso ó emprego de traballadores inmigrantes en condicións de igualdade, eliminando tamén a explotación e discriminación laboral por razón de orixe.

Cadro C.7.**Porcentaxe de gastos sociais nos países da UE segundo grupo de funcións. 1998**

	Total	3ª idade+ superviventes	Coidado enfermidade/saúde + discapacitados	Familia/ nenos	Desemprego	Vivenda+ exclusión social
Austria	100	48,2	34,8	10,0	5,5	1,4
Bélxica	100	42,8	33,3	8,5	12,7	2,7
Dinamarca	100	38,4	30,9	13,0	11,7	6,2
Finlandia	100	34,5	37,1	12,8	12,0	3,6
Francia	100	44,0	34,1	9,8	7,6	4,6
Alemania	100	42,3	36,0	10,1	8,7	2,9
Grecia	100	52,6	30,3	8,1	4,8	4,2
Irlanda	100	25,0	41,4	12,7	15,5	5,5
Italia	100	64,0	29,6	3,6	2,7	0,1
Luxemburgo	100	44,2	36,7	14,1	3,5	1,4
Holanda	100	41,1	40,3	4,5	7,3	6,8
Portugal	100	42,7	45,8	5,3	4,7	1,5
España	100	46,2	37,3	2,1	13,5	1,0
Suecia	100	39,5	35,0	10,8	9,3	5,5
Reino Unido	100	43,8	36,8	8,6	3,6	7,0
Media EU-15	100	43,3	36,0	8,9	8,2	3,6

Fonte: Eurostat. 1998, Luxemburgo 2000.

O CES considera que ás medidas propostas no punto 4: “Barreiras á integración laboral dos inmigrantes” respecto ás actuacións compensatorias do tipo das expostas nas “boas prácticas” citadas na páxina 78 (5 b) do documento, é importante que se incorpore a necesidade de que a Comunidade Autónoma formalice un convenio co Ministerio de Educación e Ciencia (previsto na Disposición adicional 2ª do RD 299/1996, do 28 de febreiro), co obxectivo de levar a cabo as actuacións de compensación educativa previstas no RD 299/1996, do 28 de febreiro, de “Ordenación das actuacións dirixidas á compensación de desigualdades en educación”, e así acadar os obxectivos previstos no artigo 4 do citado R.D. mediante as actuacións específicas establecidas no artigo 6 do mesmo.

- Respecto ó **punto 6.2**: “Cuestións derivadas da estrutura do emprego”, o CES considera que o concepto de emprego flexible é equívoco, polo que se debería de cambiar por **“xornada flexible”**.

- En relación ó **punto 7.1**: “Complexidade na tramitación administrativa”, a simplificación administrativa debe ser efectiva, debendo ir acompañada de colaboración administrativa con quen inicia un proxecto. O acortamento nos prazos do cobro das subvencións supón unha maior posibilidade de creación de emprego.

- Respecto ó **punto 7.2**: “Elevados custos laborais”, o CES entende que a redución das cotas da S.S. suporía menores fondos da S.S. en detrimento do sistema público de cobertura familiar. A mellora do factor emprego ten que vir dada por unha mellora da produtividade do emprego mediante o investimento en I+D.

- O CES considera que debería engadirse un **punto 7.6**: “Fomento dos novos xacementos de emprego”, por ser unha importante e non explotada forma de creación de emprego.

19.- No que respecta á composición dos programas de medidas, e en concreto ó **2.2: “Programa de incentivación da maternidade/paternidade”**, o CES entende que:

- Respecto ó **punto 3**: “Dificultade para a crianza dos fillos”, un dos obxectivos proposto é a percepción por tódolos grupos sociais de que as axudas ás familias redundan en beneficio de toda a sociedade.

Na **páxina 81** do documento, dentro da área de incentivos á maternidade/paternidade, recoñécese que España é o país europeo que menos recursos económicos destina á familia. A entrada en vigor da Lei de conciliación da vida familiar e laboral (1999) supuxo un avance notable no sistema de prestacións á maternidade, ó ampliar os prazos de protección e establece-la nova prestación por resgo de embarazo.

É no acceso á vivenda e nas axudas directas por fillo onde se está afastado dos países europeos máis avanzados.

Tal e como reflicte o cadro C.7., a porcentaxe dos gastos sociais que España destina á familia/ nenos é do 2% do total, sendo o país europeo cunha menor porcentaxe, lonxe das porcentaxes destinadas nos países nórdicos, superiores ó 10%, pero lonxe tamén de países como Grecia, Portugal ou Italia, así como da media europea que se sitúa no 8,9%.

O CES considera necesario que, dentro das medidas previstas no Plan, se incrementen as axudas ás familias, para converxer ca media europea, a través das prestacións económicas de pago periódico por fillo a cargo, da prestación económica de pago único por nacemento de terceiros e sucesivos fillos ou parto múltiple, que son as que realmente cobren a continxencia da dificultade de crianza dos fillos.

No anexo I do informe opinión figura o cadro comparado a nivel europeo das prestacións económicas por fillo a cargo.

- Respecto ó **punto 5**: “Dificultade para compatibilizar obrigas laborais e familiares”, o CES considera que na denominación da medida debería cambiarse a expresión “flexibilización das condicións laborais” por **“flexibilización do horario de traballo”**.

- Respecto ó **punto 6**: “Obsolescencia de capacitacións profesionais durante os procesos de maternidade-paternidade”, o CES considera importante incidir sobre a medida proposta sobre formación dirixida ós traballadores que se incorporan despois dun período de ausencia prolongado.

- Respecto ó **punto 8**: “Recursos para atende-la crianza dos fillos”, o CES considera que os mecanismos fiscais de apoio á natalidade exclúen ós colectivos máis desfavorecidos que, por un baixo nivel de renda, non terían posibilidade de acceder a ditas deducións, polo que daría lugar a unha falta de equidade no obxectivo a acadar, que é o apoio a natalidade por nacemento, adopción e nos supostos de familia numerosa.

En consecuencia, o Consello considera que se debería complementar o mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade con outros mecanismos alternativos a través dunha rede de asistencia pública –garderías, comedores...– (Dictame 5/00, sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo para o ano 2001).

- Respecto ó **punto 10**: “Baixa compatibilidade dos horarios escolares cos horarios laborais dos pais”, o CES propón aumenta-la oferta de actividades extraescolares para conciliar horarios laborais especialmente complexos, mediodía e primeiras horas da tarde, pero sen esquecer ós traballadores con horarios moito máis incompatibles, que teñen xornada pola mañá e pola tarde.

Respecto ó **punto 11**: “Insuficiencia de espazos infantís”, o CES entende que debe tamén considerarse prioritaria a creación de espazos infantís para o inverno.

20.- No que respecta ó programa **2.3: “Programa de mellora da accesibilidade da mocidade á vivenda”**, o CES entende que:

- Respecto ó **punto 6**: “Carencia de niveis de renda suficientes para acceder a unha vivenda”, o CES considera que non debe figurar, na medida de incentiva-lo aforro previo necesario para a compra de vivenda, a consideración de deducións fiscais para os pais.

- Débese engadir un **punto 9**, adicional, dentro deste programa de “Mellora da accesibilidade da mocidade á vivenda”, que trate o problema da vivenda desocupada e propoña medidas fiscais axeitadas para evitalo.

21.- Polo que atinxe ó programa **2.5: “Programa de integración social dos inmigrantes”**, o CES entende que:

- Respecto ó **punto 9**: “Risco de precariedade e explotación laboral de inmigrantes”, a medida proposta é a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, a través de actuacións concertadas con patronais e sindicatos para eliminar prácticas ilegais de contratación e condicións de traballo.

O CES considera necesaria unha política migratoria laboral consensuada, a través da constitución da Subcomisión de Cooperación entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para analiza-las cuestións sobre traballo, asistencia social e residencia de estranxeiros que lles afecten, e do Foro de Integración Social dos Inmigrantes a nivel autonómico previsto pola Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Un dos temas necesarios a plantexar nesa subcomisión sería a axilización, a través das oficinas provinciais ou municipais de estranxeiros, na tramitación de permisos de residencia temporal, de residencia permanente e de estancia, así como dos permisos de traballo, incrementando os medios materiais e persoais na Administración.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2001

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo.: Carlos Monclús Díez de
Ulzurrun

ANEXOS

I.- Cadro comparado a nivel europeo das prestacións económicas por fillo a cargo.

II.- Composición dos programas de medidas do Plan de revitalización demográfica de Galicia.



Informe-Opinión
2/01